



veciñanza

nota de prensa

Veciñanza renova a súa imaxe

A agrupación política de Cuntis realiza unha actualización completa da súa imaxe. O novo logo evoca con maior intensidade unha xuntanza veciñal de homes e mulleres en plena igualdade, espírito co que naceu e se mantén a asemblea veciñal que conseguiu un importante respaldo nas eleccións de 2015.

Cuntis, 12 de marzo de 2018. Veciñanza acomete unha actualización completa da súa identidade gráfica que consiste nunha leve renovación do seu logo e a unificación de tipografías e cores. Este cambio trasladarase de inmediato á web, documentación e redes sociais, espazo no que a agrupación cuntiense ten unha notable actividade.

O novo logo fai un aclarado do significado do orixinal: **un encontro entre homes e mulleres iguais arredor dunha causa común.** É o que trata de representar o novo logotipo, que adopta unha única cor – o verde identificativo de Veciñanza-. Así mesmo, a tipografía tamén se unifica, sendo a 'Ubuntu' a que empregará a asemblea veciñal cuntiense en todo o seu material.

Veciñanza agarda que esta modernización da imaxe traia consigo un novo impulso para continuar co traballo que tanto o grupo municipal (formado por Saleta Fernández e Santi Martínez) como a asemblea vén realizando durante esta lexislatura. O carácter participativo é unha constante no funcionamento de Veciñanza e constitúe o motor da súa acción institucional, exercida dende unha oposición crítica pero responsable e propositiva.

